

# MINISTERIO DE FACENDA

**10463** *REAL DECRETO 579/2001, do 1 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, en materia de exencións, rendementos do traballo e actividades económicas, obriga de declarar e retencións, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 326/1999, do 26 de febreiro, en materia de retencións. («BOE» 132, do 2-6-2001.)*

A Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, foi obxecto de modificacións pola Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo do aforro familiar e da pequena e mediana empresa, e pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Pola súa vez, a Lei 6/2000 introduciu tamén modificacións na Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias.

Este real decreto ten como obxectivo principal adapta-lo Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e mailo Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes ás modificacións introducidas nas respectivas leis de ámbolos impostos pola referida normativa, e contén, ademais, outras medidas adicionais propias do desenvolvemento regulamentario.

Motivadas pola Lei 6/2000 son as modificacións do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas á exención para os rendementos percibidos por traballos realizados no estranxeiro, a exclusión da obriga de reter ou ingresar á conta respecto dos rendementos do capital mobiliario procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de contribucións —exclusión motivada pola cualificación como rendementos do capital mobiliario que a referida lei outorga ós excesos sobre o valor de adquisición, cualificación que, ó operar tamén no imposto sobre a renda de non residentes, motiva a mesma modificación no regulamento deste último imposto—, ben como modificacións relativas ó límite cuantitativo excluente da obriga de reter e á base para calcula-lo tipo de retención, estas dúas últimas no ámbito das retencións sobre os rendementos do traballo.

A Lei 6/2000 inclúe unha nova regulación das consecuencias fiscais ocasionadas polo cambio de residencia que necesitaban desenvolvemento regulamentario. Por iso, no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas engádese, como causa de regularización do tipo de retención, a adquisición da condición de contribuínte por cambio de residencia, outorgando plena eficacia neste imposto ás cotas satisfeitas polo imposto sobre a renda de non residentes, así como ás súas retencións e ingresos á conta.

Pola súa parte, e motivada pola modificación da obriga de declarar introducida na Lei 40/1998 polo artigo 1.catro da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, dáselle unha nova redacción ó precepto regulamentario do imposto sobre a renda das persoas físicas regulador de tal obriga, adaptándoa ó novo contido legal.

De par destas medidas de adaptacións dos textos regulamentarios á lei vixente, o real decreto incorpora

un segundo grupo de medidas que son normas propias de desenvolvemento regulamentario do imposto sobre a renda das persoas físicas. A isto responden a fixación da nova contía do salario medio anual —para efectos da aplicación da redución do 30 por 100 ós rendementos do traballo cun período de xeración superior a dous anos ou notoriamente irregulares—, a aplicación da redución do 30 por 100 nos gastos por exequias ou enterro non exentos e o establecemento dun novo suposto de liquidación mensual de retencións e ingresos á conta, que incorpora o disposto no Real decreto 3422/2000, do 15 de decembro, que modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido en determinados supostos en que se producisen transmisións globais ou parciais dun patrimonio empresarial ou profesional.

Por último, o real decreto incorpora dúas disposicións transitorias. Na primeira, auméntase para as actividades agrícolas e gandeiras en estimación directa simplificada a porcentaxe correspondente a provisiones deducibles e gastos de difícil xustificación, co fin de adapta-la porcentaxe de gastos á elevación dos custos no sector, mais cun alcance temporal limitado ós anos 2000 e 2001.

A segunda das disposicións transitorias establece a regularización do tipo de retención como consecuencia da modificación do salario medio anual antes referida.

Termina o real decreto cunha disposición derradeira única, que establece a data da súa entrada en vigor e o momento a partir do cal produce efecto, coa excepción da modificación da obriga de declarar que resultará aplicable ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2000.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2001,

DISPONGO:

## CAPÍTULO I

### Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas

**Artigo primeiro.** *Modificación do artigo 5, «Exencións dos rendementos percibidos por traballos realizados no estranxeiro», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 5 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«1. Estarán exentos do imposto, conforme o previsto no artigo 7.p) da lei do imposto, os rendementos do traballo percibidos por traballos efectivamente realizados no estranxeiro cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que estes traballos se realicen para unha empresa ou entidade non residente en España ou un establecemento permanente radicado no estranxeiro.

2.º Que no territorio en que se realicen os traballos se aplique un imposto de natureza idéntica ou análoga á deste imposto e non se trate dun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

2. A exención terá un límite máximo de 10.000.000 de pesetas anuais (60.101,21 euros).

3. A presente exención será incompatible, para os contribuíntes destinados no estranxeiro, co réxime de excesos excluídos de tributación previsto no artigo 8.A.3.b) deste regulamento, calquera que for o seu importe. O contribuínte poderá optar pola aplicación do réxime de excesos en substitución desta exención.»

**Artigo segundo.** *Modificación do artigo 10, «Aplicación da redución do 30 por 100 a determinados rendementos do traballo», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. A alínea d) do número 1 do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactada como segue:

«d) As prestacións por falecemento, e os gastos por exequias ou enterro que excedan do límite exento de acordo co artigo 7.r) da lei do imposto, de traballadores ou funcionarios, tanto as de carácter público como as satisfeitas por colexios de orfos e institucións similares, por empresas e por entes públicos.»

2. O número 4 do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«4. A contía do salario medio anual do conxunto de declarantes do imposto, para os efectos da aplicación da redución do 30 por 100 prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto, será de 2.895.116 pesetas (17.400 euros).»

**Artigo terceiro.** *Modificación do artigo 59 «Obriga de declarar», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 59 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«Artigo 59. *Obriga de declarar.*

1. Os contribuíntes estarán obrigados a presentar e subscribir declaración por este imposto nos termos previstos no artigo 79 da lei do imposto. Para efectos do disposto no número 4 do dito artigo, estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por dobre imposición internacional ou que realicen contribucións a plans de pensións ou mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible, cando exerzan tal dereito.

2. Non terán que declarar, sen prexuízo do disposto no número anterior e no artigo 62 deste regulamento, os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos do traballo, do capital, de actividades profesionais e ganancias patrimoniais, ata un importe máximo conxunto de 100.000 pesetas brutas anuais (601,01 euros), en tributación individual ou conxunta.

3. Tampouco terán que declarar, sen prexuízo do disposto nos números anteriores e no artigo 62 deste regulamento, os contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das

seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

a) Rendementos do traballo, co límite de:

1.º Con carácter xeral, 3.500.000 pesetas brutas anuais (21.035,42 euros), cando procedan dun só pagador. Este límite tamén se aplicará ós contribuíntes que perciban rendementos procedentes de máis dun pagador sempre que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non superen no seu conxunto a cantidade de 100.000 pesetas brutas anuais (601,01 euros).

2.º 1.300.000 pesetas brutas anuais (7.813,16 euros) cando:

Procedan de máis dun pagador, sempre que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, superen no seu conxunto a cantidade de 100.000 pesetas brutas anuais (601,01 euros).

Se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7, alínea k) da lei do imposto.

O pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto no artigo 71 deste regulamento.

b) Rendementos do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 250.000 pesetas brutas anuais (1.502,53 euros).

c) Rendas inmobiliarias imputadas ás que se refire o artigo 71 da lei do imposto, co límite de 50.000 pesetas anuais (300,51 euros), sempre que as rendas procedan dun único inmovible.

d) Rendementos do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de 100.000 pesetas brutas anuais (601,01 euros).

4. A presentación da declaración, nos supostos en que exista obriga de efectuala, será necesaria para solicitar devolucións por razón dos pagamentos á conta efectuados.

5. O ministro de Facenda aprobará os modelos de declaración e establecerá a forma, o lugar e os prazos para a presentar, así como os supostos e condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos. Os contribuíntes deberán consignar a totalidade dos datos solicitados nas declaracións e xunta-los documentos e comprobantes que se determinen.

O ministro de Facenda poderá establecer, por causas excepcionais, prazos especiais de declaración para un grupo determinado de contribuíntes ou para os ámbitos territoriais que se determine.

6. No caso de optar por tributar conxuntamente, a declaración será subscribida e presentada polos membros da unidade familiar maiores de idade, que actuarán en representación dos fillos integrados nela, nos termos do artigo 44 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.»

**Artigo cuarto.** *Modificación do artigo 70 «Rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Engádese unha nova alínea, a i), ó número 3 do artigo 70 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, coa seguinte redacción:

«i) Os rendementos procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de contribucións.»

**Artigo quinto.** *Modificación do artigo 76 «Límite cuantitativo excluínte da obriga de reter», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 76 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto

214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«Artigo 76. *Límite cuantitativo excluínte da obriga de reter.*

1. Non se practicará retención sobre os rendementos do traballo, a contía da cal, determinada segundo o previsto no artigo 78.2 deste regulamento, non supere o importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e outros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	Número de fillos e outros descendentes		
	0	1	2 ou máis
1. <sup>a</sup> Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente.	—	1.675.000 pesetas (10.066,95 euros)	1.850.000 pesetas (11.118,72 euros)
2. <sup>a</sup> Contribuínte con cónxuxe que non obteña rendas superiores a 250.000 pesetas anuais (1.502,53 euros), incluídas as exentas.	1.675.000 pesetas (10.066,95 euros)	1.850.000 pesetas (11.118,72 euros)	2.025.000 pesetas (12.170,50 euros)
3. <sup>a</sup> Outras situacións.	1.250.000 pesetas (7.512,65 euros)	1.350.000 pesetas (8.113,66 euros)	1.450.000 pesetas (8.714,68 euros)

Para efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ó mínimo familiar previsto no artigo 40.3 da lei do imposto.

Canto á situación do contribuínte, esta poderá ser unha das tres seguintes:

1.<sup>a</sup> Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes, cando teña dereito ó mínimo persoal incrementado a que se refire o artigo 70.2.3.<sup>o</sup> da lei de imposto para unidades familiares monoparentais.

2.<sup>a</sup> Contribuínte con cónxuxe que non obteña rendas superiores a 250.000 pesetas (1.502,53 euros), incluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado e non separado legalmente cando o seu cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 250.000 pesetas anuais (1.502,53 euros), incluídas as exentas.

3.<sup>a</sup> Outras situacións. Inclúe tres tipos de situacións:

a) O contribuínte casado e non separado legalmente cando o seu cónxuxe obteña rendas superiores a 250.000 pesetas anuais (1.502,53 euros), incluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ó seu cargo, cando, neste último caso, non teña dereito ós importes incrementados do mínimo persoal por se da-la circunstancia de convivencia a que se refire o artigo 70.2.3.<sup>o</sup> da lei do imposto.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> anteriores.

2. Os importes previstos no cadro anterior incrementaranse en 100.000 pesetas (601,01

euros) no caso de pensións ou haberes pasivos do réxime de seguridade social e de clases pasivas, e en 200.000 pesetas (1.202,02 euros) para prestacións ou subsidios por desemprego.

3. O disposto nos números anteriores non será de aplicación cando correspondan os tipos fixos de retención, nos casos a que se refire o número 1, 2.<sup>o</sup> e 3.<sup>o</sup>, do artigo 75, e os tipos mínimos de retención a que se refire o artigo 80.2 deste regulamento.”

**Artigo sexto.** *Modificación do artigo 78, “Base para calcula-lo tipo de retención”, do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 78.2.1.<sup>a</sup> do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«1.<sup>a</sup> Regra xeral: con carácter xeral, tomarase a suma das retribucións, en diñeiro ou en especie, que, de acordo coas normas ou estipulacións contractuais aplicables e demais circunstancias previsibles, vaia normalmente percibi-lo contribuínte no ano natural, a excepción das contribucións empresariais ós plans de pensións e ás mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible do contribuínte, así como dos atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores. Para estes efectos, as retribucións en especie computaranse polo seu valor determinado conforme o que establece o artigo 44 da lei do imposto, sen incluí-lo importe do ingreso á conta.

A suma das retribucións, calculada consonte o parágrafo anterior, incluírá tanto as retribucións fixas como as variables previsibles. Para estes efectos, presumíranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.»

**Artigo sétimo.** *Modificación do artigo 81, «Regularización do tipo de retención», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. O artigo 81.2.7.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«7.º Se no curso do ano natural o cónxuxe do contribuínte obtivese rendas superiores a 250.000 pesetas anuais (1.502,53 euros), incluídas as exentas.»

2. O artigo 81.2.8.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«8.º Cando no curso do ano natural o contribuínte cambiase a súa residencia habitual de Ceuta ou Melilla, Navarra ou os territorios históricos do País Vasco para o resto do territorio español, ou do resto do territorio español para as cidades de Ceuta ou Melilla, ou cando o contribuínte adquira a súa condición por cambio de residencia.»

3. A alínea b) do artigo 81.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«b) Esta nova cota de retención minorarase no importe das retencións e ingresos á conta practicados ata ese momento, consonte o previsto no artigo 75.1.1.º deste regulamento. No suposto de contribuíntes que adquiran a súa condición por cambio de residencia, no cálculo da nova cota de retención teranse en conta as retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda de non residentes practicadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia, así como as cotas satisfeitas por este imposto, xeradas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.»

4. O número 5 do artigo 81 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«5. No caso de regularización por incremento de retribucións, o incremento da cota de retención resultante terá como límite o incremento das retribucións.

Os citados incrementos deberán calcularse en relación coa primeira retribución e cota de retención previstas. Non obstante, se no curso do ano natural xa se efectuou algunha regularización do tipo de retención, deberanse ter en conta, para estes efectos, as retribucións e a cota de retención previstas na última regularización practicada.»

**Artigo oitavo.** *Modificación do artigo 89, «Importe das retencións sobre ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 89 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto

214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«A retención que se practicará sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, será o resultado de aplicar á base de retención a porcentaxe do 18 por 100.»

**Artigo noveno.** *Modificación do artigo 101, «Obrigas formais do retedor e do obrigado a ingresar á conta», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O número 1 do artigo 101 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior, e ingresa-lo seu importe no Tesouro público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados nos que concorran as circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.º bis do número 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. Como excepción, a declaración e o ingreso correspondente ó mes de xullo efectuarase durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non procedese, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ingreso á conta. Non procederá presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención e ingreso á conta.

A retención e ingreso correspondente, cando a entidade pagadora do rendemento sexa a Administración do Estado, efectuarase de forma directa.»

## CAPÍTULO II

### Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes

**Artigo décimo.** *Modificación do artigo 14, «excepcións á obrigación de reter e de ingresar á conta», do Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes.*

A alínea b) do número 3 do artigo 14 do Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 326/1999, do 26 de febreiro, queda redactado como segue:

«b) As rendas recollidas nas alíneas b), salvo as obtidas a través de países ou territorios cua-

lificados regulamentariamente como paraísos fiscais, c), f), g) e i) do número 3 do artigo 70 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro.»

**Disposición transitoria primeira.** *Determinación do rendemento neto na modalidade simplificada do réxime de estimación directa nas actividades agrícolas e gandeiras, durante os anos 2000 e 2001.*

1. Con efectos exclusivos durante os anos 2000 e 2001, para a determinación do rendemento neto das actividades agrícolas e gandeiras na modalidade simplificada do réxime de estimación directa, e para os efectos previstos na regra 2.<sup>a</sup> do artigo 28 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o conxunto das provisións deducibles e os gastos de difícil xustificación cuantificaranse aplicando a porcentaxe do 10 por 100 sobre o rendemento neto, excluído este concepto.

2. Aqueles contribuíntes ós cales resulte aplicable o disposto no número anterior e que presentasen a súa declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a 2000, poderán regulariza-la súa situación presentando solicitude de rectificación da súa auto-liquidación ante o delegado ou administrador da Axencia Estatal da Administración Tributaria competente por razón do domicilio do contribuínte, nos termos previstos no Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

**Disposición transitoria segunda.** *Regularización do tipo de retención sobre os rendementos do traballo cun período de xeración superior a dous anos ou notoriamente irregulares.*

Procederá regulariza-lo tipo de retención na forma prevista nos números 3 e seguintes do artigo 81 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando durante o período decorrido entre o 1 de xaneiro de 2001 e a data de publicación deste real decreto se satisfixesen rendementos do traballo cun período de xeración superior a dous anos ou notoriamente irregulares, nun importe superior ó resultante de multiplicalo número de anos de xeración do rendemento pola contía de 2.600.000 pesetas (15.626,31 euros).

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2001, salvo o disposto no artigo terceiro, polo que se modifica o artigo 59 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, que será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2000.

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,

CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## XEFATURA DO ESTADO

**10564** *LEI 8/2001, do 4 de xuño, sobre concesión dun crédito extraordinario, polo importe de 13.858.385.707 pesetas, para atender insuficiencias de crédito producidas no exercicio de 1999, polas subvencións que se efectúan para a cobertura das diferencias de troco das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe.* («BOE» 134, do 5-6-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe están constituídas como sociedades mercantís, anónimas e de nacionalidade española. No seu accionariado están presentes as administracións públicas (nomeadamente o Patrimonio do Estado a través da Empresa Nacional de Autoestradas) e interveñen, ademais, caixas de aforros, bancos, outras entidades financeiras, empresas constructoras e accionistas a título individual.

Unha considerable parte do sector goza do beneficio do seguro de troco que ten a súa orixe na Lei 8/1972, do 10 de maio, «de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión», reguladora do estatuto xurídico básico destas concesións administrativas.

O réxime económico e financeiro dos concesionarios establecido no capítulo IV da lei prevé diversos beneficios de carácter fiscal e financeiro, e a alínea c) do artigo 13 recolle o correspondente ó seguro de troco, mediante o cal o Estado se comprometeu a facilitar ó concesionario as divisas precisas para facer fronte ós vencementos de principais e xuros dos préstamos e obrigacións que concerte no exterior, ó mesmo tipo de cambio de compra vixente o día en que se constituía o depósito ou se efectúe a venda ó Instituto Español de Moeda Estranxeira das divisas a que se refire o préstamo. Isto orixina que o tipo de troco fique asegurado para o concesionario ó tipo vixente no momento de disposición da operación, estando a cargo do Estado a diferenza negativa resultante entre este tipo e o vixente en cada vencemento de principal ou de xuros.

Os créditos dotados no Orzamento do Estado do exercicio de 1999 para a finalidade indicada resultaron insuficientes para satisfacer as obrigacións xeradas.

En consecuencia, para atender as obrigacións derivadas da cobertura das diferencias de troco das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe, tramítase un crédito extraordinario, de conformidade co dictame do Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario polo importe de 13.858.385.707 pesetas á sección 24 «Ministerio de Economía», servicio 04, «Dirección Xeral do Tesouro e